



Concello de Lugo

BANDO DA ALCALDÍA

Os problemas da mobilidade urbana, a contaminación do aire e o ruído son fonte crecente de preocupación para os cidadáns. A pesar diso, o número de vehículos nas rúas e o tráfico urbano aumentan continuamente contribuíndo a unha deterioración da calidade de vida e da saúde dos cidadáns.

Dende a Unión Europea promovéronse diversas iniciativas tendentes a concienciar ós cidadáns europeos da necesidade de recupera-las cidades para o seu uso e gozo facendo compatibles unha mellor mobilidade urbana coa protección do medio ambiente.

Co obxectivo de aumentar a conciencia pública sobre a contaminación e o consumo de recursos enerxéticos causados polo uso irracional de coches nas cidades, e para reafirmar ós peóns, ciclistas e o transporte público como alternativas posibles ás actuais pautas de mobilidade urbana, cada ano nas mesmas datas as cidades europeas que se adhíren ó proxecto **“LA CIUDAD SIN MI COCHE”** y la **“SEMANA EUROPEA DE LA MOVILIDAD”** reservan unha zona para peóns, bicicletas e vehículos “ecolóxicos” que utilicen gas licuado do petróleo, gas natural ou electricidade e, en particular, para o transporte público: é o chamado **“DÍA SIN COCHES”**, que se celebra este ano baixo o lema **“PARTICIPA EN LOS PLANES DE MOVILIDAD DE TU CIUDAD: ¡muévete en la buena dirección!”**.

Este ano, unha vez máis, o Concello de Lugo adhírese a este proxecto, e con tal fin dende esta Alcaldía quérese animar ós cidadáns de Lugo e solicitar a súa colaboración para que se absteñan de usa-los seus coches o día 22 de setembro de 2012 no horario comprendido entre as 10:00 e as 22:00 horas.

Esta invitación xenérica vai complementada por unha serie de medidas a desenrolar dende o domingo día 16 ata o sábado día 22 de setembro e que se concretan nas seguintes:

1º.- Delimitar como zona de restricción ó tráfico a que comprende todas as rúas sitas no interior do recinto amurallado. Nesta zona só se permitirá o acceso de vehículos para a entrada e saída dos aparcadoiros subterráneos, a través das rúas do Teatro (aparcadoiro de Santo Domingo), Montevideo, Bolaño Rivadeneira e a praza do Ferrol (aparcadoiro da praza do Ferrol) o día 22 de setembro de 2012 (*Día Sin Coches*). Non se permitirá ese día o estacionamento en superficie no interior do recinto amurallado.

2º.- Fomentar o uso do transporte público urbano colectivo ofrecendo a posibilidade de viaxar de xeito GRATUÍTO o día 22 de setembro de 2012.

...//...

...//...



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

3º.- O día 23 de setembro de 2012 celebrarase unha **marcha ciclista** na cidade, a partir das DOCE HORAS; por este motivo o tráfico será cortado no seu itinerario: *Praza Maior, Rúa da Raiña, Rúa San Marcos, Rúa Amor Meilán, Rúa Nova, Rúa Montevideo, Rúa Quiroga Ballesteros, Praza de Santo Domingo, Praza Maior, Rúa Bispo Aguirre, Ronda Muralla (tramo peonil), Ronda Muralla, Rúa do Conde, Rúa Río Sil, Avenida Infanta Elena e Centro Comercial As Termas.*

4º.- Co galo da celebración da “*Semana Europea de la Movilidad*” organizaranse diferentes actividades durante a semana comprendida entre o 16 e o 22 de setembro de 2012, que oportunamente se darán a coñecer a través dos medios de comunicación locais.

Lugo, 13 de setembro de 2012
O Alcalde

Asdo.: José Clemente López Orozco



MURALLA
patrimonio da humanidade